BOP DEPUTACIÓN DE LUGO
LUNS, 13 DE FEBREIRO DE 2023 N.º 036
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

**O SAVIÑAO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5802 "PORTO - O CASAR - CÓRNEAS (LU-P-4102)", P.K. 0+000 A 3+385 E LU-P-5805 "SEGÁN (LU-611) – SAN VITORIO (LU-P-5802)", P.K. 0+000 A 0+939.**

**EXPTE GTM: 2023/CON_02/000004**

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 3 de Febreiro de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0413

# CONCELLOS

## LOURENZÁ

*Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 20/01/23 o Padrón da Taxa de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos correspondente ao cuarto trimestre do 2022, exponse ao público na Secretaría do Concello por prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións. Establécese como período de cobro en voluntaria do 1 ó 20 de febreiro do 2023.

Lourenzá, 20 de xaneiro do 2023.- A ALCALDESA, Rocío López García.

R. 0364

*Anuncio*

**EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA P.A.I.**

**XANEIRO 2023**

**EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 01 de Agosto de 2019, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) correspondente ao mes de xaneiro de 2023 por importe de sesenta e seis euros e sesenta e cinco céntimos (66,65).

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulan ningunha reclamación.

Anuncio publicado en: Num BOP 36 año 2023 (13/02/2023 08:00:00)

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da citada ei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 13 de xaneiro de 2023.- A Alcadesa – Presidente, Rocío López García.

R. 0365

---

*Anuncio*

**EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día de xaneiro de 2023, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Decembro de 2022 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil cento noventa e un euros con dezaseis céntimos de euro(3.191,16€), dous mil seiscentos oitenta e catro euros con noventa e un céntimos de euro (2.684,91€) correspondente a dependencia, e cinco centos e seis euros con vinte e cinco céntimo de euro (506,25€) son de libre concorrencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 30 de xaneiro de 2023.- A Alcaldesa – Presidente, Rocío López García.

R. 0366

Anuncio publicado en: Num BOP 36 año 2023 (13/02/2023 08:00:00)

*Anuncio*

**EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA XIMNASIO**

**XANEIRO DE 2023**

**EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data **31 DE XANEIRO DE 2023**, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO correspondente ao mes de **XANEIRO** DE 2023 por importe de **1075.63 EUROS** (**MIL SETENTA E CINCO CON SESENTA E TRES EUROS)**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da citada ei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 31 DE XANEIRO DE 2023.- A Alcadesa – Presidente, Rocío López García.

R. 0367

---

# LUGO

*Anuncio*

**DECRETO Nº: 552/2023 DO 24/01/2023**

**Ilma. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.**

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 15-12-2021, adoptou, entre outros o acordo 8/786 **APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE A UNHA PRAZA DE TECNICO/A ESPECIALISTA TIC E PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OEP 2018) RESERVADA DISCAPACITADOS/AS.**

- Polo Decreto Nº 11375/2021 de data 22/12/2021 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso a unha praza de técnico/a especialista tic e pertencente ó cadro de persoal funcionario do excmo. concello de lugo, en quenda libre (oep 2018) reservada discapacitados/as, que se rexerá tanto *polas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE"* publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 8/786 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 15-12-2021.

O antedito Decreto foi publicado no *"Boletín Oficial da Provincia de Lugo"* número 14, do 19 DE XANEIRO DE 2022, e extracto do mesmo no "Diario Oficial de Galicia" núm. 95, de 18 de maio de 2022 e nº 122 de 28 de junio de 2022. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" num. 126 do 27 de maio de 2022.

Visto que segundo decreto 11952/2022 do 09/12/2022 non hai ningún aspirante que cumpra os requisitos previstos na convocatoria mencionada.

Anuncio publicado en: Num BOP 36 año 2023 (13/02/2023 08:00:00)

En base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE**:

**PRIMEIRO**.- Declarar deserta a convocatoria do proceso selectivo para acceso en propiedade a unha praza de técnico/a especialista tic pertencente ó cadro de persoal funcionario do excmo. concello de lugo, en quenda libre (oep 2018) reservada discapacitados/as.

**SEGUNDO** - Notifíquese a presente resolución aos/ás interesados facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 0368

---

*Anuncio*

**Exposición ao público**

A través do Decreto número 104/2023 de 9 de xaneiro de 2023, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondentes ao mes de DECEMBRO de 2022, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante ó órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 16 de xaneiro ata o día 16 de febreiro de 2023 (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 10 de xaneiro de 2023.- A Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores, Olga López Racamonde.

R. 0369

---

*Anuncio*

**EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

A través do Decreto número 229/2023 de 12 de xaneiro de 2023, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de centro de día correspondiente ao cuarto trimestre de 2022, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante ó órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio publicado en: Num BOP 36 año 2023 (13/02/2023 08:00:00)

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 20 de xaneiro ata o 20 de febreiro de 2023 (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 12 de xaneiro de 2023.- A Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores, Olga López Racamonde.

R. 0370

---

## OUTEIRO DE REI

*Anuncio*

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servicio de escola infantil

ANUNCIO

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de setembro de 2022, adoptou o acordo de aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por prestación do servicio da escola infantil

O anuncio de aprobación provisional publicouse no BOP da provincia nº 267 de data 22 de novembro de2022.

Durante o período de exposición ao público non se formularon reclamacións, elevándose a definitivos os acordos provisionais adoptados relativos á modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de escola infantil, de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo que entrará en vigor a partir do día seguinte á publicación do anuncio da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincial e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa.

De conformidade co artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, contra ditos acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da publicación destes acordos no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

O texto íntegro da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por prestación do servicio de escola infantil, é o seguinte:

***"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.***

***Artigo 1.- Imposición e ordenación.***

*No uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución, artigos 4.1 a) e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo público descrito na presente Ordenanza Fiscal, consoante ao disposto nos artigos 20 e seguintes da citada lei reguladora das Facendas Locais.*

***Artigo 2. Feito impoñible.***

*Constitúe o feito impoñible da presente ordenanza fiscal a prestación do servizo social comunitario de escola infantil municipal*

***Artigo 3. Obxecto.***

*Apróbanse as taxas correspondentes aos servizos prestados na escola infantil municipal do concello de Outeiro de Rei e que figuran no anexo da presente ordenanza.*

***Artigo 4. Suxeitos obrigados.***

*Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como taxa as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta na escola infantil municipal, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.*

Anuncio publicado en: Num BOP 36 año 2023 (13/02/2023 08:00:00)

***Artigo 5. Pago.***

*1. O pagamento das cotas polos servizos educativos e os servizos complementarios realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes seguinte ao que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, a cota correspondente ao dito mes ingresarase nos dez días naturais seguintes á data de ingreso.*

*2. A tal efecto por medio de informe do director/a do centro, que en todo caso será emitido e remitido ó Sr. Alcalde como máximo nos tres primeiros días de cada mes, indicaranse as variacións nos servizos indicados no presente punto e que afecten ó abono da cota total mensual por nena/o. O informe estará a disposición dos suxeitos tributarios ós efectos de alegacións ou reclamacións sobre os datos nel incluídos.*

*3. A forma de pago preferente será a domiciliación bancaria, debendo os interesados facilitar os seus datos bancarios, no momento de tramitar a solicitude de alta e ingreso no centro infantil.*

*4. No caso de utilizar o servizo de comedor por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.*

*5. A falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.*

*6. A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa esixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.*

***Artigo 6. Regras e definicións para a determinación do importe que se vai pagar.***

*Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento das cotas tributarias determinadas no anexo da presente ordenanza, teranse en conta as especificacións recollidas no dito anexo. Para os efectos da aplicación do anexo, a renda mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintesregras:*

*a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:*

*·Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.*

*·Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.*

*·Os/as fillos/as maiores de dezaoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.*

*A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.*

*b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que de a comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base impoñible xeral coa base impoñible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

*O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.*

*c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa económicamente ao seu sustento.*

*d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.*

***Artigo 7. Suspensión temporal da cota.***

*1. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 4 non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:*

*a) O mes de vacacións anual da/o nena/o.*

*b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.*

*En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.*

*2. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 4 non terán a obriga de aboar a cota correspondente ao servizo de comedor no seguinte suposto:*

Anuncio publicado en: Num BOP 36 año 2023 (13/02/2023 08:00:00)

*Cando por causa debidamente xustificada a/o nena/o deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de non asistencia ao centro e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación da/o nena/o ao centro.*

*Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota do comedor correspondente ao dito mes reducirase nun 50 por cento.*

*A solicitude de suspensión da cota correspondente a este servizo, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Alcalde, que resolverá sobre a procedencia da exención.*

*Nos casos de suspensión temporal da cota correspondente ao servizo de comedor, o pagamento correspondente ao mes de reincorporación realizarase no prazo dos dez días naturais seguintes á data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que o Alcalde acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo dos dez días naturais seguintes á notificación da resolución denegatoria.*

***Artigo 8. Revisión da tarifa:***

*O longo do curso poderase proceder á revisión da tarifa fixada inicialmente, sempre que se produzan e xustifiquen variacións nas circunstancias económicas e familiares das persoas usuarias da escola infantil municipal.*

*Neste sendo, o beneficiario queda obrigado a comunicar calquera variación que se produza ao respecto e que teña efectos en calquera das circunstancias económicas e familiares que afectan ás tarifas contidas na presente ordenanza.*

***Disposición final.***

*A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ó dia seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos municipal e comezará a aplicarse con data de 1 de setembro de2022 permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.*

***ANEXO***

***1. Prezo da atención educativa.***

*O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26 € mensuais.*

*Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.*

*Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda da unidade familiar.*

***2. Prezo por servizos complementarios.***

*a) Servizo de comedor.*

*O prezo por este servizo fíxase en 74,05 € mensuais.*

*Segundo a renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.*

*No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 4,23 € por día.*

*O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ninguna redución.*

*b) Horario ampliado.*

*Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.*

*O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 21,16 €.*

*c) Hora extraordinaria: entendendo por tal a prestada ao marxe do horario habitual do neno e con carácter non periódico, e cuxo prezo será de 3 euros/hora.*

*O prezo da hora extraordinaria ou ampliada non estará suxeito a ningunharedución.*

***3. Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda da unidade familiar:***

*a) Rendas inferiores ao trinta por cento do IPREM ( indicador público de renda de efectos múltiples).*

*Prezo da praza: con servizo de comedor 0 €; sen servizo de comedor 0 €.*

Anuncio publicado en: Num BOP 36 año 2023 (13/02/2023 08:00:00)

*b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 17,45 €; sen servizo de comedor 0 €.*

*c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM.*

*Prezo da praza: con servizo de comedor 52,36 €; sen servizo de comedor 34,91 €.*

*d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 96,26 €; sen servizo de comedor 69,81 €.*

*e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM.*

*Prezo da praza: con servizo de comedor 149,15 €; sen servizo de comedor 112,13 €.*

*f) Rendas comprendidas entre 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM.*

*Prezo da praza: con servizo de comedor 186,18 €; sen servizo de comedor 133,29 €.*

*g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM.*

*Prezo da praza: con servizo de comedor 210,52 €; sen servizo de comedor 147,05 €.*

*h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM.*

*Prezo da praza: con servizo de comedor 243,31 €; sen servizo de comedor 169,26€.*

***4. Descontos.***

*A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:*

*a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, descontodun 20 por cento.*

*b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, descontó dun 20 por cento.*

*c) Terán unha bonificación do 100 % na atención educativa os primeiros, segundos e sucesivos fillos/as da unidade familiar, nos termos previstos na Disposición Adicional Novena da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.*

*Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do18 de novembro, de protección ás familias numerosas.*

*Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.*

*B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento".*

*SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.*

*Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello. (https://www.concellodeouteiroderei.sedeelectronica.es).*

*TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo".*

Asínao en Outeiro de Rei, 3 de febrero de 2023.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0371

## POL

*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía, de data 3 de febreiro de 2023, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xaneiro de 2023, que se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Anuncio publicado en: Num BOP 36 año 2023 (13/02/2023 08:00:00)

Pol, 3 de febreiro de 2023.- O Alcalde, Lino Rodriguez Ónega.

R. 0372

## SAMOS

*Anuncio*

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de data02.02.2023, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **XANEIRO/2023**, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazos en presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco dias, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debedas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos,02 DE FEBREIRO de 2023.- O ALCALDE PRESIDENTE, Julio Gallego Moure.

R. 0373

## SARRIA

*Anuncio*

O día 31/01/2023, o Alcalde de Sarria, mediante Resolución nº 2023-0012, aprobou as **BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS PARA O O.A. RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARME**

O prazo de presentación de solicitudes será de **10 días naturais** a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS PARA O O.A. RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARME.**

**LEXISLACIÓN APLICABLE.**

- Rd Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

- Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores

- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).

Anuncio publicado en: Num BOP 36 año 2023 (13/02/2023 08:00:00)

- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.

- Convenio Colectivo para o persoal da Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme (BOP nº109 do 14/05/2005 e DOGA nº145 do 29/07/2005)

**1.- Obxecto da convocatoria.**

É obxecto das presentes bases a creación dunha bolsa para ter preparado un mecanismo que dea cobertura legal a necesidades esenciais que poidan xurdir (artigo 15 do ET) con profesionais que desenvolvesen as súas funcións na categoría profesional de auxiliar administrativo.

**2. Funcións da praza:**

Executar, segundo instrucións recibidas por superiores xerárquicos, funcións de apoio administrativo talles como formalizar documentos e impresos.

Cumprimentar tarefas de tratamento da información e mecanográficos.

Gravación e mantemento de bases de datos.

Tramitación de determinados expedientes administrativos (certificados, persoal, gastos).

Atender ao público de forma telefónica ou telemática, coordinando a mesma para a súa atención polo empregado competente da súa sección.

Auxiliar aos usuarios para cumprimentar as solicitudes e proceder ao Rexistro de Entrada e resto de comunicacións recibidas.

Calquer outra función compatible co posto que lle sexa encomendada polos seus superiores xerárquicos.

**3. Réxime normativo:**

No proceso de selección regulado polas presentes bases serán de aplicación o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

**4. Procedemento de selección:**

A selección efectuarase mediante oposición, debendo respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

**5. Requisitos das persoas aspirantes:**

Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 5/2015, de 30 de outubro:

Para ser admitido a realización das probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos eles á data en que finalice o prazo de presentación de instancias, debendo manterse os mesmos durante o desenrolo do proceso selectivo:

a) Idade: ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación.

b) Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

c) Titulación académica: estar en posesión da titulación esixible para acceso ó corpo de auxiliar administrativo, grupo C2: estar en posesión ou en condición de obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Así mesmo, observarase o establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo.

d) No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación; ademais, achegarase ao título a súa tradución xurada, non considerándose documentación válida no caso de non incorporar tal tradución oficial.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario de calquera das Administracións Públicas nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas ou separado do exercicio de funcións públicas por sentenza firme, ou en situación equivalente para os nacionais doutro Estado (acreditarase na declaración xurada incluída na instancia).

f) Ter a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas propias do posto (acreditarase na declaración xurada incluída na instancia). No suposto de aspirantes con grao recoñecido de minusvalía, que non supoña incapacidade para desempeño de posto de traballo, deberase referir tal situación na instancia, así como as adaptacións que se soliciten para realización de fase de oposición.

Anuncio publicado en: Num BOP 36 año 2023 (13/02/2023 08:00:00)

g) Non estar incurso/a en causa de incompatibilidade específica (acreditarase na declaración xurada incluída na instancia).

h)Declaración responsable da exactitude e veracidade da copia da documentación que se aporta (incluída na instancia).

Os/as aspirantes que non utilizaran o modelo facilitado nestas bases, deberán aportar específica declaración responsable e declaracións xuradas referidas anteriormente.

**6. Presentación de instancias:**

6.1. As solicitudes para tomar parte no proceso selectivo, conforme ao modelo que figura como Anexo I das presentes bases, dirixiranse á Presidencia do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, e presentaranse **NO REXISTRO DO CONCELLO DE SARRIA** por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **no prazo de 10 días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP. **Os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través da sede electrónica https://sarria.sedelectronica.es**

6.2. Xunto coa solicitude as persoas aspirantes deberán achegar a seguinte documentación en documento orixinal ou copia:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento de identificación.

- Declaración responsable de que cumpre todos os requisitos necesarios para se presentar ao proceso selectivo.

- Fotocopia da titulación académica esixida na convocatoria.

- Fotocopia do título de Celga 3 ou titulación equivalente.

Os/as aspirantes con minusvalías deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios para garantir a igualdade de oportunidades co resto de aspirantes.

**7. Admisión das persoas aspirantes:**

7.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia ditará unha resolución no prazo de **10 días hábiles,** que se publicará na sede electrónica https://sarria.sedelectronica.es, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo **de 3 días hábiles**, a contar dende o seguinte ao da publicación da dita resolución, para presentaren as reclamacións oportunas ou emendaren os defectos existentes, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de persoas admitidas.

7.2. Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a Presidencia declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará na sede electrónica https://sarria.sedelectronica.es, na citada resolución fixarase a composición do Tribunal.

**8. Tribunal:**

8.1. O Tribunal cualificador será designado pola Presidencia en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Secretaría (Titular e suplente): Secretario do Concello ou quen legalmente a substitúa.

8.2. A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

8.3. O Tribunal non poderán constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o Tribunal, quen asuma a Secretaría redactará a correspondente acta.

8.4. Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade que convoca cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

Anuncio publicado en: Num BOP 36 año 2023 (13/02/2023 08:00:00)

8.5. O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

**9. Procedemento de selección:**

O proceso de selección efectuarase polo sistema de oposición.

9.1. Celebración dos exercicios:

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, serán anunciados oportunamente na sede electrónica https://sarria.sedelectronica.es en consonancia coas presentes bases.

- **Exercicio único:**

Este exercicio estará composto por dúas partes:

- Proba tipo test
- Proba práctica

A parte teórica e a parte práctica levaranse a cabo no mesmo día e de xeito sucesivo.
Os aspirantes disporán dun **total de 90 minutos** para a resolución de ambas partes da proba.

**A) PROBA TIPO TEST**

O exercicio consistirá nunha proba tipo test de 30 preguntas con 3 respostas alternativas, das cales, soamente unha será correcta. A maiores, o tribunal establecerá 3 preguntas de reserva, as cales serán valoradas polo seu orde unicamente no caso de ser anulada algunha das preguntas principais.
A puntuación total da proba será de **30 puntos**, debendo acadar os aspirantes un **mínimo de 15 puntos** para superala. Cada resposta correcta será valorada con 1 punto; cada resposta incorrecta restará 0,25 puntos; as preguntas en branco non serán valoradas nin restarán puntos.
Haberá, como mínimo, 1 pregunta correspondentes a cada un dos temas incluídos no Anexo II das presentes bases, establecéndose o resto de preguntas para os temas que elixan os membros do tribunal.

**B) PROBA PRÁCTICA**

O exercicio consistirá na resolución por escrito dun ou varios supostos prácticos a determinar polo tribunal, relacionados directamente coas funcións dun auxiliar administrativo, segundo o temario anexo.

A puntuación máxima da proba práctica será de **30 puntos**, debendo acadarse unha puntuación mínima de **15 puntos** para superala. Os criterios de corrección, así como o material permitido, no seu caso, serán determinados polo tribunal, comunicándose no momento en que se publique a data de realización da proba teórica.

Esta segunda proba soamente será valorada aos aspirantes que superen a parte tipo test, sendo necesario para aprobar globalmente o exercicio obter un **mínimo de 15 puntos en cada unha das partes (test e práctico).**

- **Exercicio sobre o coñecemento da lingua galega:**

